



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA **26/06/2008**

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
D^a Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE
D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP
D^a M^a Susana López Abella, grupo PP
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP
D^a. M^a Cándida Carneiro Blanco, grupo PP
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

AUSENTES:

SECRETARIO:

D. Rafael del Barrio Berbel.

INTERVENTORA:

D^a Mónica Legaspi Díaz

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo ás vinte horas do día vinteseis de xuño de dous mil oito, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DÍA:

1º. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29/05/2008.

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente á sesión ordinaria de data 29/05/2008. O non haber observacións enténdese aprobada por unanimidade.

2º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE CHANTADA DO ANO 2006.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Resultando que en data 21/04/2008 reuniuse a comisión especial de contas para examinar e informar a Conta xeral do exercicio 2006, someténdose a mesma a exposición pública por un prazo de 15 días (BOP nº 108, do día 12/05/2008).

Visto o certificado do Secretario Municipal do día 16/06/2008 sobre o Edicto da “Conta xeral do Concello de Chantada do exercicio de 2006” exposto ao público no Boletín Oficial da Provincia nº 108 de data 12/05/2008 sen que se houberen presentado reclamacións.

Considerando o disposto no artigo 212 do TRLHL, sometese de novo a informe da Comisión Especial de Contas previamente a súa aprobación polo Pleno.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 22.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de economía, facenda, réxime interior e especial de contas de fecha 23/06/2008.

O Pleno da Corporación, por seis votos a favor correspondentes os membros do grupo PP e sete abstencións correspondentes os membros dos grupos PSOE e BNG, ACORDA:

UNICO.- Aprobar a conta xeral do exercicio 2006 e render a conta ao Consello de Contas de Galicia.

3º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

3.1.- PP. SOBRE O ANTEPROYECTO DE LEI POLA QUE SE SUPRIMEN OS INSTRUMENTOS DE XESTIÓN E PROMOCIÓN PREVISTOS NA LEI 7/1996, DE 10 DE XULLO, DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL.

“A Consellería do Medio Rural está tramitando un anteproxecto de Lei pola que se suprimen os instrumentos de xestión e promoción previstos na Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento Comarcal e se modifica o réxime xurídico das fundacións para o desenvolvemento das Comarcas. O devandito anteproxecto supón unha modificación substancial do modelo de desenvolvemento comarcal impulsado pola Lei 7/1996, na medida na que se suprimen os instrumentos de xestión e promoción previstos na mencionada norma. A nova lexislación que se proxecta vai supoñer a desaparición da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal e o cambio de réxime xurídico das Fundacións para o Desenvolvemento das Comarcas, Fundacións que quedan condenadas a súa desaparición na medida en que a administración autonómica pretende retirarse dos seus padroados e retirarlles o financiamento que ata o de agora destinaba a estes entes, poñendo en evidente risco a continuidade dos seus traballadores e traballadoras, empregados e empregadas que accederon ós seus postos de traballo a través dun sistema de concorrencia respectuoso cos principios de mérito, capacidade e publicidade que rexen ó acceso a un emprego público.

Os instrumentos de xestión e promoción previstos na lei de desenvolvemento comarcal teñen amosado unha máis que salientable eficacia para o cumprimento dos seus fins de promoción e desenvolvemento das nosas comarcas, promovendo a participación das administracións locais e dos sectores máis dinámicos, ó tempo que supuxeron un investimento nada desprezable nun importante capital humano, con coñecementos acreditados en relación co territorio e cas posibilidades de desenvolvemento e posta en valor dos recursos dispoñibles.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Partido Popular, considera que a experiencia adquirida e os investimentos realizados non poden ser desbotados en aras de un modelo de desenvolvemento comarcal que centraliza as competencias na administración autonómica, prescindindo da necesaria participación dos entes locais e da experiencia acumulada por un persoal que ten acreditada competencia para encarar os retos que supón a corrección dos desequilibrios territoriais desde un modelo de intervención no territorio que xere os impulsos necesarios para dinamiza-lo potencial endógeno das nosas comarcas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación Municipal dos seguintes ACORDOS:

Que o Concello de Chantada se dirixa á Consellería de Medio Rural para:

1.- Amosarlle o rexeitamento ó anteproxecto de Lei pola que se suprimen os instrumentos de xestión e promoción previstos na lei 7/1996, de 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal e se modifica o réxime xurídico das fundacións para o desenvolvemento das comarcas.

2.- Esixirlle o mantemento duns instrumentos de desenvolvemento comarcal, que teñen amosado a súa eficacia, como elementos de dinamización do potencial das nosas comarcas e os concellos que as conforman.

3.- Esixirlle o mantemento na esfera pública, do persoal das fundacións que ten demostrado o coñecemento e capacidade para encarar ós retos que implican un necesario desenvolvemento territorial equilibrado, partindo dos recursos existentes no territorio.”

Defende a moción a Sra. López Abella explicando o contido da mesma e pedindo que o Concello maniféstese en contra da eliminación das fundacións comarcais.

O portavoz do grupo BNG, Sr. Mazaira, expón que desde o ano 1990 vén desenvolvendo o Plan de desenvolvemento comarcal e o famoso reequilibrio territorial non se vé, que as fundacións comarcais son un dos instrumentos que modifica o anteproxecto de lei, e que teñen como única fonte de financiamento as transferencias anuais da Xunta de Galicia dunha media de 60.000 euros, sen achegas dos Concellos ou axentes privados, polo que as súas actividades e impacto sobre o territorio son moi limitados, xa que só informan sobre axudas e outras actividades que se solapan con outras entidades que actúan no territorio.

Sinala que no período 2000-2006 sete delas constituíronse en grupos de acción local e xestionaron directamente programas de desenvolvemento, que outras crearon un asociación aparte para xestionar programas nese mesmo período, e que o persoal era o mesmo, cobrando dúas veces pola mesma función. Apunta tamén que das 34 fundacións máis da metade viñeron actuando directa ou directamente como xestoras de programas de desenvolvemento rural, tendo unha incidencia sobre o territorio máis importante que a fundación en si.

En relación coa sociedade para o desenvolvemento comarcal (SODECO), sinala que é outro dos instrumentos que modifica o anteproxecto de lei, e que das catro áreas que a conforman só hai unha con entidade propia, que se autofinancia a través de contratos ou convenios, e o resto de áreas céntranse unicamente en apoio á posta en marcha do plan con escasas funcións. Sinala que coa reforma só preténdense modificar os artigos que afectan aos instrumentos de xestión, mantendo intacta a regulación sobre a planificación comarcal; que se pretende racionalizar os instrumentos, mellorar a coordinación da Xunta en materia de desenvolvemento rural, e conseguir unha maior eficacia e eficiencia no gasto público.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O concelleiro matiza os tres puntos fundamentais da reforma: a disolución de SODECO, reordenándose o seu patrimonio e os seus efectivos para un mellor aproveitamento dos recursos públicos; suprímense as unidades técnicas comarcais, que nunca chegaron a entrar en funcionamento; e derrógase o artigo relativo ás fundacións para o desenvolvemento das comarcas, concluíndo que está mais que xustificada a reformulación das fundacións comarcais.

A Sra. López Abella manifesta que o se pretende é desmantelar o sistema de desenvolvemento comarcal modificando estas fundacións para facer chiringuitos do BNG, en vez de aproveitalas para axudar aos veciños que é para o que se constituíron, apelando ao grupo PSOE para que apoie esta moción xunto co grupo PP como se fixo no Parlamento de Galicia. En canto á xestión dos fondos europeos, sinala que Chantada non tivo a oportunidade de desenvolvelos, e que hai que facer para que sexan mais útiles pero non eliminalas.

O Sr. Mazaira afirma que o BNG defende o modelo comarcal, pero que non cren nun modelo comarcal que non cumpre as funcións que ten encomendadas, polo que hai que cambiar eses instrumentos para facelos mais eficaces.

O Sr. Alcalde expón que a concelleira esta ocultando información que ten como a postura da FEGAMP, que está o PP, que ten consensuado que as fundacións non cumpren os seus labores e teñen unha duplicidade de administracións, e o único que se está vendo é como solucionar o problema dos traballadores.

A Sra. López Abella sinala que o BNG non defende o modelo comarcal, senón que está desmantelando a comarca de Chantada, converténdoa nunha sucursal de Monforte, gobernada polo BNG con maioría absoluta, polo que deberían defender a nosa comarca e a fundación comarcal e apoiar esta moción.

Sometida a moción a votación é denegada por seis votos a favor correspondentes os membros do grupo PP, e sete votos en contra correspondentes os membros dos grupos PSOE e BNG.

3.2.- PP. SOBRE O PLAN TÉCNICO ESTATAL DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE.

“No Real Decreto 944/2005, de 29 de xullo, polo que se aprobou o Plan Técnico Estatal da televisión Dixital Terrestre, adiantouse ó cese das emisións da televisión terrestre con tecnoloxía analóxica ao 3 de abril de 2010, de xeito que , a partir deste dato, toda a televisión terrestre será con tecnoloxía dixital.

O Plan Técnico prevé tres fases:

a.- O 80% da poboación estatal antes do 31 de decembro de 2005.

b.- O 90% da poboación estatal antes do 31 de decembro de 2008.

c.- O 98% para as canles do ente público RTVE e 95% para o resto das televisións privadas da poboación estatal antes do 3 de abril do 2010.

Sen embargo, este apagón analóxico no 2010 non garante que os cidadáns do rural do nosos país poidan ver a totalidade de canles públicos e privados aos que teñen acceso actualmente as cidades de Galicia.

A dispersión de poboación existente na nosa Comunidade implicaría problemas para que os usuarios de comarcas con menos habitantes poidan acceder aos canais de televisión privados que emiten actualmente en aberto en todo o territorio (Antena 3, Tele 5, Cuatro e a Sexta) ao mesmo tempo debemos subliñar que as escaseza inversora da Xunta impide que neste



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

momento en moitas comarcas, vilas e pobos de Galicia teñan a cobertura necesaria para poder visualizar as canles autonómicas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación Municipal os seguintes ACORDOS:

Que o Concello de Chantada se dirixa á Xunta de Galicia para:

1.- Que se adopten as medidas económicas necesarias por parte da Secretaría Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta para que se acade o Plan Nacional da TDT en todo o territorio do Municipio de Chantada.

2.- Que faga cumprir aos canles privados a cobertura do 95% nos prazos previstos no ámbito do noso Concello.”

Defende a moción a Sra. López Abella, aclarando que hai información por parte da Xunta de Galicia sobre o nivel de cobertura do noso Concello, que fai necesario que se mellore.

O Sr. Iglesias apunta que o dato de cobertura de Chantada neste momento é do 83,7% sobre un 91% do conxunto de Galicia, que o proceso ten 3 fases, 2005, 2008 e 2010, e que Chantada estaría cumprindo eses prazos. Argumenta tamén que é a Secretaría de Estado de Comunicación a que ten as competencias e que a Xunta no ano 2007 destinou axudas aos Concellos neste sentido, e habería que ver a situación a finais de ano para optar a esas axudas para chegar ao 100% de cobertura. Para rematar, sinala tamén que a moción xa se presentou no Parlamento, que é copiada dunha do BNG de outubro de 2007, pero que non teñen inconveniente en apoiala.

O Sr. Piñeiro móstrase de acordo co sinalado polo grupo PSOE.

A Sr. López Abella agradece o apoio á moción esperando que se chegue a ese 100 % de cobertura en Chantada.

Sometida a moción a votación é aprobada por unanimidade.

TRAMITE DE URXENCIA

En cumprimento do disposto non artigo 91.4 e 82.3 do ROF, a Presidencia preguntou os concelleiros se tiñan algún asunto para sometelo a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, que non tivera cabida no punto de rogos e preguntas.

O equipo de goberno presenta una proposición de urxencia asinada polos tres grupos políticos da corporación para facilitar a creación da nova industria de Hijos de J. Rivera no polígono industrial de “Os Acivros” de Chantada ante a inminente decisión sobre da localización do proxecto. Sometida a votación a urxencia é aprobada por unanimidade.

MOCION CONXUNTA DA CORPORACION MUNICIPAL DE CHANTADA

“Unha das prioridades compartidas por todos os grupos que compoñemos o Concello de Chantada é a a creación de solo industrial, de solo empresarial e a ampliación do polígono industrial de “Os Acivros”.

Estamos certos de que a mellora das condicións de vida dos cidadáns pasa entre outras cousas, por apoiar dende as administracións públicas o establecemento de proxectos



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

industriais xeradores de emprego. En consecuencia, en Chantada o Concello debe actuar en todo o posíbel facendo atractivo o noso municipio para novas inversións.

A vista do proxecto de INNODRINKS (Hijos de J. Rivera) que representa un aumento de máis de corenta postos de traballo e que ten potencialidades polo seu carácter innovador como imán para a instalación doutras industrias.

Urxidos pola inminente decisión sobre da localización do proxecto por parte dos promotores, os grupos políticos municipais do P.P., PsdeG-PSOE e BNG propoñemos ao Pleno o seguinte acordo para facilitar a creación da nova industria de Hijos de J. Rivera en Chantada :

- 1. O Concello eliminará nun 95% o custe total da licenza de obra , ou aquela porcentaxe máxima permitida pola lexislación vixente no momento da súa concesión.*
- 2. O Concello comprométese a abaratar até nun 100% o custe da licenza de actividade; ou aquela porcentaxe máxima permitida pola lexislación vixente no momento da súa concesión.*
- 3. O Concello comprométese a dotar ao polígono de cobertura de banda larga mediante a rede Wimax.*
- 4. O Concello comprométese ao soterramento de liñas eléctricas de alta tensión no polígono industrial de "Os Acivros".*
- 5. O Concello comprométese a humanización e ao adecentamento do polígono industrial de "Os Acivros", mediante o convenio que se asinará no vindeiro mes de xullo coa Consellería de Innovación, Industria e Comercio consistente no arranxo de beirarrúas, rotondas e arborado do mesmo.*
- 6. O Concello comprométese a abaratar o valor do solo no polígono dos 42 euros/m2 ao remate da ampliación até os 32 euros/m2. Isto será posible porque un dos viais principais do novo polígono farase con cargo ao canon de enerxía.*
- 7. O Concello comprométese a iniciar as obras de ampliación pola parcela destinada a INNODRINKS.*
- 8. É intención do Concello dar un valor engadido aos terreos do Polígono abaratando o abastecemento de auga. Para elo estase facendo un estudo para ofrecer nun futuro o servizo de auga mediante abastecemento por gravidade, co conseguinte aforro enerxético e abaratamento do prezo por carecer de bombeo.*
- 9. Para axilizar ao a tramitación da ampliación do polígono industrial o Concello acorda dirixirse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para que dentro do posíbel sigan a acurtar os prazos nos escaso trámites que aínda restan, de xeito que para antes de marzo de 2009, INNODRINKS poda comezar as obras."*

Aberto o debate pola Presidencia o Sr. Piñeiro explica o contido da mesma, sinalando que é un ofrecemento de todos os grupos da Corporación a "Estrella de Galicia" para que o proceso de ampliación da planta fágase en Chantada, no Polígono Industrial "Os Acivros".

O Sr. Varela manifesta o seu apoio pero sinala que houbo certo deixamento neste asunto, que ten información de que os concelleiros do BNG fixeron máis que os do PSOE, ata falando coas Consellerías do PSOE, que o Sr. Alcalde debería actuar doutro xeito como o fixo o alcalde de Monterroso que foi a reunións a Santiago e a Madrid, e que cada un ten que asumir as súas responsabilidades.

O Sr. Iglesias di que non hai culpar ao PSOE desta situación, que se fixo todo o que se puido, e que a situación de Monterroso é moi distinta xa que aquí non había terreos, polo que unha



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

cuestión de tempo, e que non hai que entrar nestas polémicas que non son positivas para o Concello.

O Sr. Piñeiro di que hai que felicitarse por este acordo que é a mellor opción para Chantada, que é un proxecto de futuro e non unha cuestión de partidos, e que todo o pobo de Chantada está detrás disto.

Sometida a moción a votación é aprobada por unanimidade.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS

1. Sr. Varela: Arranxar dúas papeleiras na praza de Santa Ana, diante da florería “Mariña” e da librería “Mago”.
2. Sr. Varela: Arranxar un bang bang no parque Eloisa Rivadulla que está deteriorado.
3. Sr. Varela: Reparar un corte na Avda. Portomarín, baixando da Avda. de Lugo hacia a Avda. de Monforte.

PREGUNTAS

1. Sr. Varela: Asumiu o Concello a limpeza das estradas da Deputación ou é a Deputación quen as fai.
- Sr. Alcalde: Esta pendente a firma dun convenio.
2. Sr. Varela: Esta recibida a obra do POS da Deputación na rúa Alférez Baanante, xa que hai lousas soltas e en mal estado.
- Sr. Alcalde: Mirarémolo.
3. Sr. Varela: Na rúa Xoan XXIII están tocando as tapas da rede de sumidoiros nos baixos dos coches.

E sendo, as vinte horas e cincuenta minutos, e tendo cumprido ou obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 27 de xuño de 2008

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel